

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*RESOLUCIÓN do 11 de xaneiro de 2017, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por esta secretaría xeral no terceiro cuadrimestre de 2016.*

O artigo 11.1 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG núm. 136, do 14 de xuño), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único. Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Secretaría Xeral da Emigración nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2016 que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración

**ANEXO**

Nome	Obxecto	Importe	Data da Sinatura
Convenio de colaboración coa Sociedade Española de Beneficencia-Hospital Español de Río de Janeiro (Brasil)	Promover e preservar os servizos de atención socio sanitaria ás persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes en Río de Janeiro	50.000,00 €	15.11.2016

